



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/ Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE, SECRETARIO DO TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE POLICIA LOCAL (OEP 2016),

CERTIFICA:

Primeiro: Que reunido o Tribunal as 9.00 h do día 26 de setembro de 2017 acorda a realización do terceiro exercizo, **PROBAS PSICOTÉCNICAS**, o día **10 de outubro de 2017**, (martes) ás **9.00 h no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Riveira**.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación ás función policiais que deberán desempeñar, comprobando que presenten un perfil psicolóxico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación A cualificación global será de APTO/A ou NON APTO/A.

A) Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidex verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

B) Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polo demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico actual dos candidatos.

Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

Segundo: Que pola presente procédese en consecuencia a convocar ós aspirantes que se relacionan á realización da devandita proba:

Abal López, Pedro.
Bragado Díez, Javier.

E para que así conste asino a presente de orde do Sr. Presidente do Tribunal, en Riveira, a 26 de setembro de 2017.

O secretario do Tribunal.

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

